

Proletarios, partido exterior e partido interior en *Dous mil tres*

José María Tortosa

“**P**orque as declaracións do goberno esaxeraron a ameaza que Saddam implicaba? ¿Porque a necesidade de invadir era tan urxente que non puido agardar a que os inspectores de armas da ONU rematasen o seu labor? ¿Como pensa o goberno deter o deterioro na seguridade que se vive en Iraq que, suponse, liberámos?” Así se expresaba Robin Cook, ex-ministro de Asuntos Exteriores do Reino Unido, nun artigo publicado en *The Independent* a primeiros de setembro. Michael Meacher, que, á súa vez, estivo a cargo do Ministerio do Medio Natural, tiña as súas propias respostas e publicábaas en *The Guardian* por aqueles mesmos días: foron os intereses do goberno dos Estados Unidos os que primaron; os estratexas do devandito goberno atoparon no “11 de setembro” un pretexto para levar a cabo o que foi planificado con anterioridade, con independencia de que houbera ou non houbera armas de destrución masiva, e sen que o papel dos inspectores contara para nada. Un dos seis argumentos que, a dicir de Peter Stothard⁽¹⁾, ex-editor de *The Times*, pesaron na decisión de Tony Blair de secundar ao Goberno dos Estados Unidos, incidía no mesmo, a saber, que o pobo dos Estados Unidos, aínda irado polos sucesos do 11 de setembro de 2001 e sentindo que a ‘I Guerra do Golfo’ non rematara realmente, ía apoiar esta ‘II Guerra do Golfo’.

Nos tres, explícita ou implicitamente, hai un recoñecemento de que non é comprensible o realizado por Inglaterra se non se entende o realizado polo goberno dos Estados Unidos, cousa, por outra banda, obvia, e, á súa vez, que non é comprensible o realizado polo goberno dos Estados Unidos sen facer unha referencia ao contexto social, ideolóxico e político no que se move o devandito goberno, que, evidentemente, busca a súa reelección nas presidenciais de 2004.

Para entender este contexto, vanse utilizar os coñecidos tres eslogans que caracterizan á sociedade de Oceanía (é dicir, basicamente, os Estados Unidos, con Inglaterra como *Air Strip One*, existindo outras potencias menores e secundarias) na novela de George Orwell *Mil novecentos oitenta e catro*. No primeiro caso (“*Guerra é paz*”), trátase de coñecer como é a sociedade. No segundo (“*Ignorancia é fortaleza*”), a cultura. E no terceiro (“*Liberdade é escravitude*”), a política.

Estes tres enfoques sobre a realidade estadounidense poden ser tamén enfoques sobre a estrutura social dos Estados Unidos que, igualmente en termos *orwellianos*, consistiría nunha masa *proletaria*: o pobo, crente, crédulo e manipulado, pero non moi importante na toma de decisións. Estaría despois o *partido exterior*: as clases

(1) STOTHARD, Peter: *30 Days: A month at the heart of Blair's war*, HarperCollins, Londres, 2003.

medias, os que participan, ese 50 por cento que realmente conta porque é o que vota e ao que hai, igualmente, que manipular, e que é igualmente crédulo e crente, senón máis, igual cós “proletarios”. E, finalmente, *o partido interior*: os que realmente deciden, as camarillas, cábalas, xuntas e demais nomes que teñen recibido ultimamente a elite do poder político en conivencia co empresarial⁽²⁾. En termos extremos, os expostos na novela polo manual de Emmanuel Goldstein sobre o “colectivismo oligárquico”, esa sociedade estaría composta “polos de Arriba”, que o que desexan é seguir no poder, e “os de Abaixo”, normalmente preocupados por sobrevivir, pero que, ás veces, amosan desexos dunha sociedade igualitaria⁽³⁾.

Hai dúas diferencias fundamentais entre o que se pode observar en 2003 e o que imaxinaba Orwell como potencialidade en 1948. En primeiro lugar, o mundo de Orwell era un mundo tripartito cunhas unidades (Oceanía, *Eurasia* –“a vella Europa”–, e *Estasia*) que se atopaban relativamente parellas en canto á economía e á forza militar. En 2003, pola contra, o orzamento militar de Estados Unidos duplica ao do resto da OTAN máis Australia e o Xapón. En segundo lugar, o poder “dos de Arriba” nos Estados Unidos contemporáneo é tal que “aos de en Medio” non se lles ocorre substituílos, e “os de Abaixo” abandonaron hai xa moito tempo a pretensión de acadar unha sociedade máis igualitaria. Niso, os de Arriba interviñeron activamente cando menos dende os falsos xuízos contra Nicola Sacco e Bartolomeo Vanzetti, asasinados xudicialmente en 1927 coma efecto da virulenta etapa de represión política coñecida como “*Red Scare*” de 1919-1920. Por non falar do “*macartismo*”.

Guerra é paz

Dende esta perspectiva, a ‘II Guerra do Golfo’ foi unha manobra de distracción para que os habitantes dos Estados Unidos non soamente deixen de interesarse polos escándalos empresariais que azoutaron o seu país senón, sobre todo, para que atopen un tema para entreterse á marxe dos evidentes problemas económicos e sociais dos que adocece o país⁽⁴⁾.

O feito é que non se está a dar un crecemento económico significativo e que a produtividade segue sen despegar, co que o desemprego e a pobreza están a acadar niveis intolerables para eles, co conseguinte aumento da inseguridade e a frustración entre os estadounidenses ante o emprego, a saúde e a xubilación. Os datos son coñecidos: a preocupación polo desemprego (que chega a afectar ao 18 por cento das nais solteiras sen estudos) é observable nas sucesivas enquisas alí publicadas, namentres a pobreza, segundo se define nos Estados Unidos, é dicir, os que non chegan ao nivel

(2) TORTOSA, José María: *La agenda hegemónica: guerra es paz*, Ecuador Debate (Quito), 59 (2003) 25-39.

(3) Para outras posibilidades coa obra de Orwell, véxase GALTUNG, Johan: *Hitlerismo, estalinismo y reaganismo. Tres variaciones sobre un tema de Orwell*, Instituto de Estudios Juan Gil-Albert, Alacante, 1985.

(4) TORTOSA, José María: *La agenda hegemónica: La guerra continua*, Icaria, Barcelona, 2003.

considerado digno polo propio goberno, atinxe os 35 millóns de habitantes, que supoñen algo máis do 12 por cento da poboación.

Simultaneamente a este aumento da pobreza, os Estados Unidos teñen o dúbido privilexio de adiantar ao resto de sociedades industrializadas no que se refire á criminalidade e, daquela, no número de presos⁽⁵⁾. O tema sitúa aos Estados Unidos en varios artigos do *Libro Guinness dos Records*. Na edición de 2003 dise: “O maior sistema penitenciario”. O estado de California (EEUU) ten o maior sistema penitenciario do mundo industrializado. Este estado ten nas súas prisións máis internos ca Francia, o Reino Unido, Alemaña, Xapón, Singapur e os Países Baixos xuntos”. E tamén: “O país con máis asasinatos”. En 1997, EEUU tivo unha cifra estimada de 25.000 homicidios, o que representa 8,2 casos por cada 100.000 habitantes.

A ideoloxía (e os intereses) do actual goberno fixeron que, a pesar do dito, o número de persoas no *welfare* diminuíse namentres disminuían os impostos aos máis ricos. A revista *Business Week* (10 de xaneiro de 2003) era taxativa con respecto á devandita reforma: “O plan fiscal de Bush podería fomentar o crecemento e crear empregos, pero o prezo é unha maior desigualdade”, é dicir, ricos máis ricos e pobres máis pobres. A revista, ademais, facíase eco da contraofensiva do goberno respecto aos críticos. Segundo aquel, estes estarían volvendo á “loita de clases” polo simple feito de defender ao débil pero tamén ao perdedor, non pola súa falta de esforzo senón polo seu escaso acceso aos resortes do poder e mesmo ao voto político⁽⁶⁾.

Por ser os mesmos motivos ideolóxicos e de intereses creados, transferiríanse a mans privadas sectores cunha lóxica que esixiría unha maior presenza pública, como é o caso da seguridade tanto en xeral, cunha evidente privatización da policía e en consecuencia cun aumento do clasismo nos crimes contra os que non teñen diñeiro para pagarse protección, como no caso da vixilancia nos aeroportos, asunto que estivo detrás da facilidade coa que os terroristas do “11 de setembro” accederon aos voos. É obvio que un servizo destas características, que é, na práctica, un monopolio natural, se se privatiza só dá coma resultados unha diminución da calidade do servizo xa prestado, posto que a empresa buscará reducir custos (de persoal, de formación, de equipamentos) para aumentar o beneficio. O mesmo sucedeu coa electricidade, e levou aos coñecidos apagóns, o último deles, o de Nova York, amosou, de paso, a fraxilidade (non a pretendida fortaleza) das redes.

O presidente Bush asinou o 8 de xaneiro de 2003 unha extensión do subsidio de desemprego para 2,5 millóns de estadounidenses. Con esa medida garantíase que o subsidio seguiría para as 800.000 persoas que corrían o risco de perdelo. O Departamento de Traballo calculaba en algo máis de millón e medio de persoas que poderían recorrer a ese subsidio.

(5) *Very richest's share of income grew even bigger, data show*, The New York Times, 26 de xuño de 2003, con datos ata o ano 2000. Dous millóns de encarcerados (7 por 1.000 habitantes) é un indicador a ter en conta: COMFORT, Megan: *Les Etats-Unis malades de leurs prisons*, Le Monde diplomatique, xuño 2003.

(6) O voto mobilizado por Bush é “branco, rural e cristián”: LIND, Michael: *Made in Texas: George W. Bush and the Southern takeover of American politics*, Nova York, Basic Books, 2003.

Desemprego e pobreza, sumados ao típico aumento de prezos no sector inmobiliario durante as recesións, facían aumentar o número de “sen teito” (*homeless*) estimado ata chegar aos 3 millóns. A porcentaxe sobre o total da poboación é pequena (está preto do 1 por cento), pero a cantidade é importante, sobre todo para un país coma este.

No orzamento fixado por Bush para 2003, os afectados en negativo, e directamente, eran poucas persoas: 36.000 anciáns aos que se lles recortarían os programas de comidas; 532.000 familias ás que se lle cortaría a axuda para calefacción; 8.000 nenos da rúa aos que se lles cancelarían os programas educativos, e 50.000 nenos aos que se lles cancelarían os programas non escolares. Diante deles, volvería a producirse un recorte fiscal para as rendas máis altas que producirá unha redución dos ingresos fiscais da orde dos 670.000 dólares nos vindeiros 10 anos. Dous tercios dos beneficios irán parar aos petos do 5% máis rico.

Non é unha novidade. Estas decisións sitúanse na liña xa detectada no país dende, cando menos, a época de Reagan. O resultado final desta “longa marcha” é que a renda familiar dispoñible dos máis ricos aumentou en preto dun 30%, mentres que a dos máis pobres diminuíu en torno ao 20%, con datos do *Center on Budget and Policy Priorities*. Con datos de 1997 (os máis recentes a efectos comparativos), o Banco Mundial afirmaba que, no Brasil, o 10% máis pobre recibía un 1% da renda nacional, mentres que o 10% máis rico recibía preto da metade desta renda. Nos Estados Unidos, pola súa parte, o 10% máis pobre recibía un 1,8%, mentres o 10% máis rico recibía case un tercio. Non hai outra democracia na que o 10% máis pobre reciba menos: a media dos países enriquecidos é do 2,9%. E estes datos eran, lémbrese, de 1997, baixo o goberno de Clinton e nun momento de expansión económica que agora non hai. Hoxe debe ser peor.

Will Hutton engadía un punto a esta caracterización da sociedade estadounidense⁽⁷⁾: “A posición económica dos Estados Unidos é demasiado vulnerable como para ir á guerra sen o férreo apoio multilateral que podería apuntalalos economicamente pero tamén diplomática e militarmente. O multilateralismo do que Bush fai mofa é, en realidade, unha necesidade económica. Os Estados Unidos son unha superpotencia que gasta en defensa máis ca os seguintes nove países xuntos, e se prepara para incrementar o seu gasto militar este ano na enormidade de 48.000 millóns de dólares, equivalentes a todo o orzamento británico en defensa, pero a súa posición estratéxica está cimentada nunha area económica... A capacidade militar dos Estados Unidos pode permitiralles o unilateralismo; a súa vulnerabilidade económica, o estamos a descubrir, non”. Sen embargo, quixo permitirse esa licenza, con tódolos vaivéns con respecto ás Nacións Unidas ben coñecidos pero que reflicten a dificultade de manter ese gasto (e os gastos adicionais da ocupación de Iraq... en período electoral).

(7) The Observer, 27 de xaneiro de 2003. Un despacho da Axencia Associated Press (*Iraq, half-trillion-dollar deficit will be drag on US economy*) insistía no mesmo o 10 de setembro de 2003.

Guerra é paz, no sentido de que unha exaltación nacionalista⁽⁸⁾ distrae a atención do que realmente preocupa á xente que, antes que nada, é vivir (“e despois filosofar”). O odio ao “terrorista” (agora “*muslim fanatics*” case sempre, pero, de feito moi abstracto a pesar das listaxes) borra as diferencias entre os que saen enormemente beneficiados por tales circunstancias e “os de Abaixo”, os perdedores governe quen governe, aínda que sexan do Partido Demócrata. Unha explosión de nacionalismo case sempre é aconsellable cando hai gañadores e perdedores, xa que a estes últimos se lles explica que “todos imos no mesmo barco” e calquera outra posición será tomada como *unamerican*, antiamericana. Así se gañan eleccións, pero non para sempre, como ben soubo ‘Bush pai’.

Que “os de Arriba” saíron beneficiados se pode ver, simplemente, atendendo aos cambios na fiscalización e á relación entre os ingresos máis altos e os máis baixos, cada vez maior. De feito, e só para as empresas industriais, o salario medio máis alto está por riba das 400 veces o salario máis baixo, proporción que non se atopa en ningún país “terceiomundista”, que acostuman ser os máis desigualitarios a este respecto. Pero, para moitos, nesta crecente desigualdade reside unha das grandes debilidades da potencia máis forte do mundo⁽⁹⁾.

Ignorancia é fortaleza

Dende esta perspectiva, a ‘I Guerra do Golfo’ forma parte dun colosal engano, con resultados tan chocantes como que o 69 por cento dos enquisados cresen que Sadam Hussein tivo que ver co “11 de setembro”⁽¹⁰⁾ e, o que é aínda máis abraiante, que o 27 por cento non só crera que en Iraq había armas de destrución masiva senón que estivera convencido de que foran atopadas xa varias veces na metade de 2003. Nalgún xornal da Costa Oeste dos Estados Unidos apareceu a noticia segundo a cal, e con datos do *World Market Research Center*, o risco de terrorismo en Iraq tiña aumentado coa ocupación, non diminuído, e a idea de que a provocación a Iraq o que ía traer era máis inseguridade, non menos⁽¹¹⁾. Pero estes argumentos non chegaban á clase media, que ten outras (des)informacións.

Dende un punto de vista europeo, basicamente secular dende a ‘Revolución Francesa’, a credulidade estadounidense chama a atención sobre todo cando se pon en relación coa evidente presenza da relixión en moitas actividades, incluída a política,

(8) Non hai nada máis nacionalista que unha guerra, institución creadora de tantas nacións e fortalecedora de tantas outras como se viu na ‘I Guerra Mundial’.

(9) TODD, Emmanuel: *Después del imperio. Ensayo sobre la descomposición del sistema norteamericano*, Foca, Madrid, 2003.

(10) The Washington Post, 6 de setembro de 2003.

(11) Tony Blair dispuxo dun informe dos seus propios servizos de intelixencia, xa en febreiro de 2003, que predicía, como consecuencia da, daquela, inminente invasión, unha maior probabilidade de que os terroristas obtiveran armas de destrución masiva. Tamén dicía que, atacando, se podía producir o mal que se tentaba evitar. FRANKEL, Glenn: *Panel warned Blair of war risks*, The Washington Post, 12 de setembro de 2003.

e, sobre todo, co peso que os fundamentalistas⁽¹²⁾ teñen na vida política e cultural do país: dispoñen de numerosas televisións de “tele-evanxalismo”, xestionan tertulias e “*talk shows*” de grande audiencia, controlan unha porcentaxe moi importante (chegaron ata o 60%) dos votos nas convencións republicanas e chegan a incidir en cuestións tan peregrinas coma se se debe ensinar a Darwin nas escolas ou se non será preferible ensinar o “creacionismo científico” derivado dunha lectura literal (fundamentalista, polo tanto) da Biblia. Estas lecturas literais están detrás tamén dunha corrente particularmente importante, a dos sionistas cristiáns, que apoian o expansionismo do estado de Israel porque cren que a segunda advida de Cristo só se producirá cando Israel volva a ter as súas fronteiras bíblicas. E non se crea que é crenza para as masas sen educación: o voceiro da maioría republicana no Congreso, Tom DeLay, representante por Texas, adscribese a esta tendencia e obra en consecuencia.

Estas crenzas e credulidades non están exentas de manipulación. Nos manuais que se coñecen para que as grandes empresas estadounidenses de produción de noticias transmitisen ao mundo a versión da ‘II Guerra’, os seus directivos mandaban omitir as moi frecuentes referencias relixiosas do actual presidente Bush, pois sabíanas non só incomprendibles para o mundo en xeral, senón mesmo risibles para a mentalidade media europea⁽¹³⁾. E nesta manipulación non estaban ausentes os intereses económicos máis inmediatos das devanditas empresas, que querían quedar ben co goberno e acadar da ‘Comisión Federal para as Comunicacións’ (presidida por un republicano, fillo de Collin Powell) unha lexislación favorecedora dos seus afáns por unha maior concentración da propiedade dos medios.

Un estudio sobre o papel dos medios na ‘II Guerra do Golfo’ permitía concluír que “se os conflitos son exames duros aos que se somete á prensa e dos que ela saca valiosas conclusións e fortalece a democracia cando o fai con rigor, coraxe e profesionalismo”, a ‘II Guerra do Golfo’ foi, basicamente, un exemplo de todo o contrario. Por iso, a historia lembrará aos medios, sobre todo estadounidenses, como medios de propaganda ao servizo dun dos bandos, cun grave dano na credibilidade cara a prensa en xeral e un nivel de subdesenvolvemento da sociedade en torno á súa prensa e cara ao valor da información en circunstancias críticas⁽¹⁴⁾. Houbo diferencias (como por exemplo, entre a CNN local –é dicir, dos Estados Unidos– e a CNN Internacional, que foi algo menos sectaria) e houbo excepcións, sobre todo a través dos distintos *weblogs* ou *blogs*⁽¹⁵⁾ que, con acceso a fontes alternativas –fundamentalmente estranxeiras– puideron dar unha imaxe menos sesgada do que estaba sucedendo realmente.

(12) Non se esqueza que a palabra “fundamentalista” é de orixe estadounidense e se aplica aos cristiáns (en España se lles chamaba integristas). Só despois pasou aos musulmáns ata ser case sinónimo na linguaxe cotiá de moitas persoas e medios.

(13) Unha cousa é ter ministros relixiosos e mesmo moi relixiosos e ata membros de grupos cristiáns fundamentalistas, como os hai nos gobernos de Europa, e outra cousa é facer referencias en público ás propias crenzas. De tódolos xeitos, o modelo estadounidense pode propagarse: GRESH, Alain: *Aux origines des controverses sur la laïcité*, Le Monde diplomatique, agosto de 2003. A tentativa de introducir unha referencia ao cristianismo na “constitución” europea non é, precisamente, un indicador de laicismo.

(14) TORTOSA, José María: *Los medios y la guerra*, Sala de Prensa (<http://www.saladeprensa.org/>), V, 2, 56, 2003.

(15) Véxase PISANI, Francis: *Internet saisi par la folie des ‘weblogs’*, Le Monde diplomatique, agosto de 2003.

Para facerse unha idea, baste citar un estudio de FAIR (*Fairness & Accuracy in Reporting*), publicado o 18 de marzo de 2003, que se dedicou (entre o 30 de xaneiro e o 12 de febreiro) a analizar as fontes dos programas nocturnos das grandes canles de noticias con maior audiencia e nos que se facía referencia a Iraq⁽¹⁶⁾. Tratouse de *World News Tonight* da canle ABC, *Evening News* da CBS, *Nightly News* da NBC e maila *NewsHour with Jim Lehrer* da PBS. A súa conclusión é clara: “as noticias nas redes de televisión, dominadas por funcionarios actuais ou ex-funcionarios dos Estados Unidos, exclúen amplamente aos estadounidenses que son escépticos ou se opoñen a unha invasión de Iraq”. Máis do 75 por cento das fontes tiñan ou tiveran relación coa administración, deixando, pois, pouco espacio para as fontes independentes. Engade o estudio, “nun momento no que o 61 por cento dos entrevistados dicía aos enquisadores que facía falla máis tempo para a diplomacia e as inspeccións (iso foi a 6 de febreiro), só o 6 por cento das fontes das noticias de televisión se amosaban escépticas ante a necesidade da guerra”. Os claramente afiliados co activismo contra a guerra practicamente non existían: dos 393 casos analizados, só 3 podían inscribirse neste grupo, dos cales só un era estadounidense: Catherine Thomason, de *Physicians for Social Responsibility*. E non se pense que os escépticos sobre a necesidade da guerra presentados nestas televisións eran xente “de peso” (que a houbo nos Estados Unidos). A metade dos estadounidenses escépticos “non oficiais” eran “xente da rúa”, cinco deles non foron sequera identificados polo seu nome.

Ignorancia é fortaleza porque, en contra do dito “a verdade faraos libres”, é mellor non saber, a efectos de sentirse tranquilo e satisfeito, da propia posición no mundo que inclúe a do “destino manifesto” dos Estados Unidos, no que cren capas moi importantes da súa poboación. O “destino manifesto” (*Manifest Destiny*) foi acuñado en 1845 polo xornalista John O’Sullivan para xustificar a anexión de México e o imperialismo norteamericano. Xa en 1900 explicaba o senador por Indiana, Albert Beveridge: “Deus designou ao pobo norteamericano coma nación elixida para lle dar inicio á rexeneración do mundo”. Esa ideoloxía estivo sempre viva na dereita norteamericana e foi saudada moitas veces por George Bush (pai e fillo). Faise continua referencia á “nosa superioridade moral” para xustificar as invasións político-militares polo mundo, que agora se converten nunha loita entre os “civilizados” (nós) e o resto (“Ou con nós ou co terrorismo”). Foi, como se ten dito, unha constante, algo que non cambiou nos últimos anos, unida á idea de “Pobo Elixido” seguindo o modelo do pobo xudeu⁽¹⁷⁾.

Alberto Piris resumía así a situación: “Certos indicios comezan a apuntar perigosamente a Irán, país contra o que se están a dar xa algúns dos primeiros pasos que conduciron á invasión de Iraq. ¿Repetiranse os mesmos enganos e as mesmas mentiras? Para que resulten novamente cribles haberá que seguir insistindo na vixencia desa guerra contra o terrorismo que proclamou Bush, sen fin previsible, co seu

(16) *In Iraq crisis, networks are megaphones for official views*, <http://www.fair.org/reports/iraq-sources.html>.

(17) Véxase GALTUNG, Johan: *Fundamentalismo USA*, Icaria, Barcelona, 1999; LONGLEY, Clifford: *Chosen People. The big idea that shaped England and America*, Hodder & Stoughton, Londres, 2002.

conxuro cesa toda crítica e se exalta a unidade cega de todos tralo goberno que se arroupa na bandeira e convoca á defensa da patria. O resultado semella evidente: a guerra permanente requirirá o engano permanente⁽¹⁸⁾. Ignorancia (duns) é fortaleza (doutros).

De tódolos xeitos, esta ignorancia, dolosa ás veces, non exclúe o aumento de inseguridade que acompañou á sociedade estadounidense nos últimos anos, en parte tamén manipulado, pero que fai que dous tercios dos enquisados nos Estados Unidos temeran, a dous anos do “11 de setembro”, novos ataques do mesmo tipo. Probablemente con razón.

Liberdade é escravitude

O “11 de setembro” foi o Pearl Harbor que buscaba a camarilla dirixente en Washington. De feito, en documentos do *Project for a New American Century*, en concreto nun datado en setembro de 2000 e que cita o ex-ministro británico Michael Mæcher⁽¹⁹⁾, se chegará a dicir que faría falla algo semellante ao sucedido o 7 de decembro de 1941, a saber, un evento catastrófico que catalice e mobilice á opinión pública na dirección desexada pola elite do poder⁽²⁰⁾. Por outra banda, o proxecto e os plans para ocupar Iraq, para ter un axuste de contas con Arabia Saudita e para fortalecer así ao goberno do *Likud* en Israel constan, cando menos, dende 1997 con independencia das armas de destrución masiva, o incumprimento de resolucións das Nacións Unidas⁽²¹⁾ e a súa pretendida ameaza á seguridade mundial, e non se diga á de Inglaterra ou á dos Estados Unidos.

O papel que xoga Israel en todo isto non debe pasarse por alto. Como grupo de influencia importante polas súas connotacións políticas e a contía das súas achegas, aparece de inmediato coma AIPAC (‘Comité de Asuntos Públicos Israelitas-Americanos’), que a revista *Fortune* coloca entre os primeiros grupos de presión dos Estados Unidos. AIPAC gastou máis de 1 millón de dólares facendo *lobby* en 2001. Curiosamente, AIPAC non está inscrita como ‘Comité de Acción Política’ (PAC) na Comisión Electoral Federal, pero os membros da súa comisión executiva e os seus dirixentes se atopan entre os que maiores doazóns individuais fixeron nas diferentes campa-

(18) PIRIS, Alberto: *El engaño permanente*, La Estrella digital, 24 de xuño de 2003.

(19) The Guardian, 6 de setembro de 2003.

(20) Nesa oportunidade do 11 de setembro de 2001 é na que se basean os que preguntan “que sabía o Presidente e cando o soubo”, “por que non se aplicou a instrución de xuño de 2001 sobre secuestros aéreos” ou “porque os F-16 e os FA-18 tardaron 120 minutos en reaccionar cando, noutros casos anteriores, fora en torno aos 20 minutos”. Con tódalas prevencións perante as teorías conspiradoras, o asunto non acaba de estar claro. Tampouco o estivo en Pearl Harbour. En calquera caso, o ataque foi utilizado polo goberno dos Estados Unidos como lexitimación de cousas tan diversas como o recorte de impostos para os ricos ou a invasión de Iraq: KRUGMAN, Paul: *Exploiting the atrocity*, The New York Times, 12 de setembro de 2003.

(21) Israel, Turquía e Marrocos incumpliron moitas resolucións e, no caso da primeira, beneficiouse do veto dos Estados Unidos en numerosas ocasións posteriores a 1991, data da desaparición oficial da URSS (non do comunismo) e, polo tanto, do fin da ‘Guerra Fría’.

ñas. No ciclo que se inicia en 1989, os diferentes grupos representantes de intereses israelís aportaron, individualmente ou como PAC, da orden dos 41 millóns de dólares, dos que 28 millóns foron aos ‘Demócratas’. A comunidade “proárabe”, pola súa banda, é menos visible aínda que as súas doazóns aumentaron nos últimos tempos. O total de contribucións non chega aos 300 mil dólares no devandito ciclo electoral.

Se a isto se engade que Ari Shavit, xornalista en Israel, comezaba un artigo⁽²²⁾ afirmando que “a guerra en Iraq foi concibida polos 25 intelectuais neoconservadores”, moitos deles xudeus, e algún deles (como Richard Perle) coñecidos polas súas conexións co *Likud*, se entenderá a importancia de Israel... que non acaba de verse ben reflectida nos medios estadounidenses dada a relativamente forte presenza de xudeus entre as persoas de “esquerdas” e, certamente, nos medios de comunicación.

Esta ideoloxía imperial dos neoconservadores⁽²³⁾ ten a súa vertente cara ao exterior, sobre todo coa súa doutrina sobre o “ataque preventivo”, antes mesmo de que se materialice a ameaza, e que pode retrotraer o sistema mundial a unha situación “hobbesiana” de guerra de todos contra todos se a devandita doutrina é adoptada por máis países⁽²⁴⁾ e se rexeita a ‘Carta das Nacións Unidas’ no que se refire á guerra⁽²⁵⁾. Este control hexemónico dos Estados Unidos viña resumido por un artigo do ex-presidente brasileiro Fernando Henrique Cardoso dicindo: “Nada máis representativo ao respecto que o recente discurso de Condoleezza Rice en Inglaterra. Existe unha nova orde mundial baseada nunha decisión unilateral dunha potencia hexemónica. Esta velará por nós. Ante o risco de que algún Estado se faga con armas de destrución masiva ou se converta en campo de abrigo e de adestramento de terroristas, será castigado. Hai, por suposto, espacio para os aliados: e os que desexen axudar aos EEUU a cumprir a súa misión salvadora, serán benvidos e mimados”⁽²⁶⁾.

Estas concepcións son dunha novidade relativa: xa os asinaba o 3 de xuño de 1997 unha vintena “longa” de políticos hoxe ben situados na administración ou no seu contorno: Dick Cheney, Donald Rumsfeld, Paul Wolfowitz ou Donald Kagan, Norman Podhoretz e mesmo Jeb Bush, gobernador reelixido de Florida e irmán do Presidente. No documento expuñan “a visión conservadora do papel de América [por Estados Unidos] no mundo”, que se resumía en catro puntos: 1) “necesidade de aumentar os gastos militares de xeito significativo se é que imos afrontar as nosas responsabilidades globais de hoxe e modernizar as nosas forzas armadas no futuro”; 2) “necesidade de fortalecer os vencellos cos aliados democráticos e de desafiar aos réximes hos-

(22) SHAVIT, Ari: *White man's burden*, Ha'aretz, 4 de abril de 2003.

(23) AGUIRRE, Mariano e BENNIS, Phyllis: *La ideología neoimperial. La crisis de EEUU con Irak*, Icaria, Barcelona, 2003; AMIN, Samir: *La ideología estadounidense*, La Jornada (México), 14 de xuño de 2003.

(24) KISSINGER, Henry: *Preemption and The End of Westphalia*, *New Perspectives Quarterly*, IV, 19, 2002; TORTOSA, José María: *El nuevo (des)orden glocal*, *Le Monde diplomatique* (edición española), agosto de 2003.

(25) “Estase a cuestionar se son idóneas e efectivas as normas e os instrumentos que están a disposición da comunidade internacional para facer fronte a todos eses novos desafíos. A propia relevancia das normas e institucións multilaterais actuais púxose en dúbida”, di Kofi Annan, no seu informe á ‘Asemblea Xeral’ A/58/323, de 2 de setembro de 2003.

(26) CARDOSO, Fernando Henrique: *El unilateralismo global*, *Hoy* (Quito), 20 de xullo de 2003.

tís aos nosos intereses e valores”; 3) “necesidade de promover a causa da liberdade política e económica no estranxeiro”; e 4) “necesidade de aceptar a responsabilidade do papel único que ten América [por Estados Unidos] de preservar e estender unha orden internacional favorable á nosa seguridade, á nosa prosperidade e aos nosos principios”.

Condoleezza Rice, que non acaba de ser adscrita á “cábala”, tamén o expuña pouco antes de ser Asesora de Seguridade Nacional: “A política exterior será con toda seguridade internacionalista, pero tamén procederá da firme base dos intereses nacionais, non dos intereses dunha comunidade internacional ilusoria”. Repárese: a comunidade internacional é ilusoria, e o curioso é que esta frase a cite Javier Solana, ex-secretario da OTAN e *Mr. PESC* da Unión Europea⁽²⁷⁾.

Practicamente os mesmos asinantes escribían unha carta ao entón presidente Clinton en xaneiro de 1998 na que lle dicían: “Se Sadam consegue a capacidade de dispor de armas de destrución masiva, como é case certo que vai facer se seguimos polo actual camiño, porase en perigo a seguridade das tropas estadounidenses na rexión, a dos nosos amigos e aliados coma Israel ou os Estados árabes moderados e dunha parte significativa do subministro mundial de petróleo”. No pensaban daquela (probablemente nunca) que o goberno de Bagdad fose quen de converterse nunha ameaza para os Estados Unidos, nin que tivera relación con *Al Qaeda* nin que violara resolucións do ‘Consello de Seguridade’. Eran outros asuntos os que lles preocupaban⁽²⁸⁾.

Probablemente, o documento que mellor define esta axenda sexa a *National Security Strategy for the United States of America* asinado por Bush o 17 de setembro de 2002, un ano despois do fatídico “11 de Setembro” e pouco antes das eleccións de *mid term* de 2002⁽²⁹⁾. O seu uso político para acadar votos é imaxinable e o seu éxito nas devanditas eleccións é coñecido, mais tamén é obvia a continuidade co documento de 1997 ao que xa se fixo referencia.

O punto de partida semella claro: os Estados Unidos teñen unha forza militar sen paralelo e sen precedentes nin absoluta nin relativamente⁽³⁰⁾. A partir de aí, al-

(27) SOLANA, Javier: *Las semillas de una posible ruptura entre EEUU y Europa*, El País, 13 de xaneiro de 2003.

(28) A carta (<http://www.newamericancentury.org/iraqlintonletter.htm>) está entre os documentos do ‘Proxecto para un Novo Século Americano’, cunhas relacións con Israel que son facilmente documentables, sobre todo no caso de Richard Perle (Véxase: <http://www.israeleconomy.org/strat1.htm>). Ver tamén, Kristol, W. e Robert Kagan: *Bombing Iraq isn't enough* (Bombardear Iraq non é suficiente), The New York Times, 30 de xaneiro de 1998. Repárese na data de publicación.

(29) *National Security Strategy for the United States of America*, cunha introducción de George W. Bush, setembro de 2002, <http://www.whitehouse.gov/>. Véxase *Imperio sin ley*, monográfico de Temas para el debate, nº 97, decembro de 2002. Tamén *Estrategia de Seguridad Nacional de Estados Unidos: Una Nueva Era*, Agenda de la Política Exterior de los Estados Unidos de América, Departamento de Estado, VII, 4, decembro de 2002, con glosas de Rice, Armitage, Myers, Larson e outros (<http://usinfo.state.gov/journals/itps/1202/ijps/pj7-4toc.htm>). En xeral, MATTHEWS, Robert: *La proyección del poder de Estados Unidos*, en VVAA, *Tiempos difíciles. Guerra y poder en el sistema internacional*. Anuario CIP 2003, Icaria, Barcelona, 2003, p45-70.

(30) “Hai forzas estadounidenses estacionadas en máis de 700 bases de todo o mundo, con 120.000 soldados en Europa, 90.000 no leste de Asia e no Pacífico, preto de 200.000 no norte de África, Oriente Próximo e o sur de Asia, e 15.000 no hemisferio occidental fóra dos Estados Unidos” (PRESTOWITZ, Clyde: *¿El nuevo imperio estadounidense?*, El País, 14 de agosto de 2003). Para máis datos: <http://www.globalsecurity.org/military/ops/global-deployments.htm>.

gunhas afirmacións culminan o documento de xeito significativo. A máis importante é a que establece o principio da *autodefensa anticipatoria*, ao que xa se fixo referencia. Non é a primeira vez que se bosquexa tal principio nin é a primeira vez que se engade que esa autodefensa pode producirse “antes de que se concrete a ameaza”. O que si implica é que os Estados Unidos se reservan o dereito de decidir quen é unha ameaza que merece a autodefensa anticipatoria e quen non. É máis un dereito algo arbitrario que o resultado dunha avaliación empírica das potencialidades da realidade. A outra afirmación a ter en conta é a que fai referencia a que os Estados Unidos teñen a responsabilidade (o fardo do home branco, do que falaba Kipling no seu tempo) de liderar a loita pola liberdade: Liberdade de mercados e liberdade democrática.

Os obxectivos da ‘II Guerra do Golfo’ poderían ter sido, daquela, a tenor do exposto na *Estratexia*, os seguintes: 1) Acadar e asegurarse unha dominación militar mundial incontestada e preferiblemente incontestable; 2) Pór a proba a condución dunha “acción preventiva”, que permitiría unha interminable “guerra contra o terrorismo” (“guerra é paz”); e 3) Instaurar un estatuto de excepción para a potencia americana: os seus “servidores” deben escapar a calquera lexislación internacional⁽³¹⁾. A este respecto, Robert Fisk é rotundo: “Resulta increíble que Tony Blair avalase esta parvada sen decatarse do que representaba: un proxecto inventado por un grupo de estadounidenses neoconservadores “proisraelitas” e fundamentalistas cristiáns de dereita”⁽³²⁾.

A ideoloxía neoconservadora tamén ten unha vertente interior máis importante para o que aquí nos ocupa agora: trátase do recorte das liberdades en paralelo coa “involución a escala mundial”⁽³³⁾ producida polas mesmas datas.

Para o caso dos Estados Unidos, trátase dende o *USA Patriot Act* (que é un acrónimo para “*Uniting and Strengthening America by Providing Appropriate Tools Required to Intercept and Obstruct Terrorism Act*”) ata a creación dun Ministerio de Seguridade Interior (*Department of Homeland Security*⁽³⁴⁾), cuns efectos que están a ser recortes nas liberdades públicas ata o punto de que nun recente informe de ‘Amnistía Internacional’ se dicía que “nos informes do Departamento de Estado estadounidense sobre prácticas doutros países en materia de dereitos humanos denúncianse tódolos anos abusos como detención arbitraria, reclusión en rexime de incomunicación por longos períodos, malos tratos, interrogatorio sen estar presente un avogado e ameaza de xuízo inxusto perante un organismo militar. Esas denuncias estanse a facer agora contra Estados Unidos no contexto da súa ‘guerra contra o terror’”⁽³⁵⁾.

(31) Por decidir, poderán decidir que papel lle queren conceder á ONU. Para o problema da excepcionalidade dos Estados Unidos, pode verse <http://hrw.org/spanish/campanas/cpi/>, páxina do Human Rights Watch.

(32) FISK, Robert: *La espiral de la demencia apenas empieza*, La Jornada (México), 11 de setembro de 2003.

(33) *Civil liberties. For whom the Liberty Bell tolls*, The Economist, 29 de agosto de 2002; TORTOSA, José María: *La involución a escala mundial*, Temas para el debate, novembro de 2002.

(34) Con 170.000 empregados, creado a principios de 2003, cun orzamento de 50.000 millóns de dólares.

(35) Amnistía Internacional: *The threat of a bad example: Undermining international standards as ‘war on terror’ continues*, feito público o 19 de agosto de 2003. Seguindo coa metáfora “orwelliana”, HARRIS, Paul: *Big Brother takes grip on America. The US’s response to 11 September has been an unprecedented clampdown on the rights of its own citizens*, The Observer, 7 de setembro de 2003.

“A guerra contra o terrorismo” serve aos mesmos propósitos que outras “guerras” anteriores: entre outros, o de manter no poder a un grupo, con evidentes conexións empresariais, que o que pretende é abandonar o capitalismo e pasar a un sistema aínda máis “rapaz” que permita satisfacer os seus intereses dun xeito máis cómodo⁽³⁶⁾. Os contratos, sen licitación, concedidos a Bechtel, Halliburton, MCI (antes WorldCom), Exxon e demais filiais e subcontratadas van nesta liña e son o resultado máis visible da ocupación de Iraq xunto ao aumento da violencia no devandito país.

Dous mil tres

O mundo de *Mil novecientos oitenta e catro* era un mundo feito irreversible. Agora hai tamén algúns elementos de aquela “distopía”⁽³⁷⁾ que inclúen a “nova xerga” (por exemplo, os “efectos colaterais” ou os “xornalistas cravados” –*embedded*–) e a reescritura da ‘Historia’ ou, cando menos, o uso sistemático do esquecemento, agora mediante a presentación de novos asuntos que manteñan o interese polo espectáculo que se desenvolve no momento e faga perder de vista os seus antecedentes. As conexións de Rumsfeld con Bechtel eran coñecidas en 1983 cando negociou con Sadam Hussein como aliado deste e como enviado de George Shultz, entón vicepresidente do goberno. Bechtel, con Shultz agora como directivo, acadaría, no novo Iraq, un substancioso contrato do goberno estadounidense⁽³⁸⁾: 34 millóns inicialmente, pero podendo chegar a 680 en 18 meses. Un escándalo, segundo o mesmo xornal en editorial do día seguinte (“*And the winner is Bechtel*”), que se convertería nunha “mensaxe deplorable” para un “mundo escéptico”, pero que era rapidamente esquecido, sepultado baixo un aluvión de noticias irrelevantes pero “de contido humano” ou mesmo falsificadas. Edward Said expresábo dicindo que “despois de apoiar durante anos ao réxime “baazista” de Iraq e a Hussein, Estados Unidos e Gran Bretaña se arrogaron o dereito de negar a súa propia complicidade con ese réxime despótico e logo decretar que estaban librando Iraq da súa odiada tiranía”⁽³⁹⁾. A manipulación televisiva mellor documentada é o “histórico” derrubamento da estatua de Sadam Hussein na praza Al-Fardus, preto do hotel Palestina, onde estaban os periodistas. Segundo Donald Rumsfeld, “quitaba o alento”. Visto con detalle en vídeos e fotografías panorámicas dispoñibles en Internet, foi unha simple montaxe. O mesmo semella que pode dicirse do “rescate” de Jessica Lynch, prisioneira do exército iraquí dende o 23 de marzo ao 1º de abril.

(36) WALLERSTEIN, Immanuel: *The End of the Beginning*, Commentary nº 110, 1º de abril de 2003, Fernand Braudel Center, Binghamton University, <http://fbc.binghamton.edu/commentr.htm>.

(37) Para máis detalles, TORTOSA, José María: *La guerra de Irak: ¿Qué querían ellos?*, Universidad de Alacante, próximo.

(38) *US gives Bechtel a major contract in rebuilding Iraq*, New York Times, 18 de abril de 2003.

(39) SAID, Edward W.: *La condición árabe*, La Jornada (México), 24 de maio de 2003.

Por sorte, o mundo de *Dous mil tres* non é irreversible. As eleccións presidenciais de 2004 non están necesariamente gañadas polos republicanos; no caso de que gañaran, o peso no goberno do segundo Bush non está tan asegurado para os neoconservadores coma eles obviamente quixeran; as alianzas, baseadas en intereses cambiantes ou mesmo en simples subornos de goberno a goberno⁽⁴⁰⁾, non son eternas; a oposición interna e externa pode medrar; e tantos factores máis que fan pensar que a “distopía” que é o mundo actual pode deterse. Non é seguro que outro mundo sexa probable, pero si se sabe que outro mundo é posible, cunhas reformadas Nacións Unidas e un fortalecemento dos bloques rexionais no exterior e, no interior, un “*gentler, softer, more compassionate conservatism*” que é o que prometeu, e non cumpriu, George W. Bush na campaña que, coa posterior axuda do poder xudicial do Estado de Florida, lle daría a Presidencia dos Estados Unidos.

José María Tortosa é catedrático no Departamento de Socioloxía II na Universidade de Alacante, membro do Grupo de Estudios de Paz e Desarrollo (GEPYD), ex-titular de la Cátedra Rafael Altamira (Investigación para la paz) e profesor de “Comunicación e sistema mundial”. Autor de La agenda hegemónica: la guerra continua (Icaria) e La guerra de Irak: ¿Qué querían ellos? (Universidad de Alicante). Codirector do Centro de Estudios Sociales y Políticos Latinoamericanos (CESPLA, Universidad de Cuenca, Ecuador). Secretario da Asociación Española de Investigación para la Paz (Aipaz).

(40) Os subornos ao goberno de Turquía están mesmo cuantificados, aínda que non tiveron éxito. Tamén se coñecen as presións aos gobernos dos países membros do Consello de Seguridade. As ameazas extendéronse mesmo para conseguir a excepcionalidade de calquera estadounidense ante a Corte Penal Internacional. O 12 de xuño de 2003 o Consello de Seguridade votou a renovación, por un ano, da exención dos soldados estadounidenses que participen en misións de mantemento da paz fronte á Corte Penal Internacional. Simultaneamente, os Estados Unidos ameazaron a 35 países con suspender axudas e con outros medios para que asinasen o acordo que garante inmunidade aos militares estadounidenses ante a CPI. Líase así nun despacho da AFP dende Washington que reproduciron algúns xornais, por exemplo, El Tiempo (Bogotá) o La República (Lima), 2 de xullo de 2003.